

Encontro Intercooperación de Cooperativas | Sector Ensino | 23 Maio

[ITINERARIO DE INTERCOOPERACIÓN 2023]

DATA REALIZACIÓN	Martes 23 de Maio de 2023	DURACIÓN	3 horas
HORARIO	17:00 – 20:00 horas	INSCRICIÓN	neste formulario
LUGAR CELEBRACIÓN:	Formato virtual a través do aplicativo ZOOM		
PERSOA DE CONTACTO	Roberto Andrés Sanmartín Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	TELÉFONO	986-866149
		E-MAIL	roberto@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Contextualizamos o Encontro : Programa Itinerario de Intercooperación EspazoCoop 2023 / Sectorial Cooperativas de Ensino de ESPAZOCOOP
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación para 2023 entre as cooperativas e persoas participantes : Breve presentación das participantes: Necesidades comúns; temáticas de interese para as cooperativas de ensino; iniciativas e proxectos de intercooperación.
- Actualizar info de interese : convocatoria de actividades, novidades normativas e liñas de financiamento de interese.

PROGRAMA - CONTIDOS

17:00 h. - Benvinda e presentación das persoas e cooperativas participantes.

17:30 h.- Presentación do Programa Itinerarios de Intercooperación – Edición 2023. Presentación doutros programas, actividades e convocatorias públicas de interese potencial para as cooperativas participantes

18:00h.- Dinámica de traballo para concretar e dar contido a posibles actividades-proxectos de intercooperación a nivel (inter)sectorial para 2023.

19:30 h.- Recollida de conclusións e peche do Encontro.

METODOLOXÍA

Os Encontros desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios e tirar conclusións sobre a situación do cooperativismo de ensino, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas de ensino socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas e entidades de economía social galegas de ensino (non asociadas á Unión).



Esta actividade conta co apoio e enmárcase nos programas:

- Programación 2023 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.
- Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES), convocado por Cepas e financiado polo FSE.